

SAN CIDRE
Eucaristía no encontro do mundo rural de Galicia
Santa Locaia (Castro de Rei) 18.05.2019
Homilía

Deus sempre nos acompaña, espéranos, agárdanos... Non ten présa ata que volvamos o corazón totalmente cara El. A Igrexa rural, o pobo santo de Deus que peregrina no mundo rural vive no tempo da paciencia de Deus (Cf. Rm 3,25-26), no que vivimos todos, toda a Igrexa formando un só corpo, experimentando a proximidade do Pai, do Fillo, do Espírito Santo e dos irmáns.

A figueira que non da froito ten o agasallo do tempo de Deus, da súa paciencia. Estamos chamados a seguirmos coidando desta figueira coa riqueza das boas obras que sempre debemos sementar, aínda que non vexamos o que recolleremos no futuro. Do mesmo xeito que o labrego non ve a colleita cando está a sementar. Por iso, coa paciencia e mailo amor do viñador, que pide ao dono da viña que non corte a figueira, esperemos os froitos que agora non se ven. Froitos que comunican vida e chaman á vida. Froitos, polo tanto, de amor, de fraternidade, de entrega xenerosa, de gratuidade, de comunión na santidad. Froitos sorprendentes.

Igual que o é o universo enteiro, considerade esta terra vosca coma linguaxe do amor de Deus, do seu desmesurado agarimo cara cada un de vós, da súa vida abundante. Seres vivos, terras, augas... todo é caricia do Creador. A nosa historia de amizade con Xesucristo sempre se desenvolve nunha *terra persoalísima*. Os lugares que nos viron nacer fannos moito ben. Estar nestes agros, tanto se vivimos neles coma se marchamos e volvemos despois, permítenos coñecer ou recuperar a nosa identidade neste libro precioso que Deus escribiu na nai terra, cuxas letras son as criaturas e con maiúsculas cada ser humano. Cantemos o himno da nosa existencia para vivirmos gozosamente no amor de Cristo e na esperanza. Vivir no mundo rural é duro, pero ten o privilexio de escoitar a Deus a cada paso, oír a súa voz paradoxal e silenciosa, porque se manifesta cando brilla o sol, cando chove e cando cae a noite. Vivir no mundo rural é duro, pero bríndavos a esperanza dunha fraternidade cristiá, de mutua compañía, fundada no amor de Deus, que tamén é mensaxe súa para vós (Cf. Ls' 84-85).

Que sigades coidando, cultivando, mimando esta figueira que parece non dar froitos, pero dará abondo, porque recibiu o agasallo de estar plantada no esperanzador tempo da paciencia de Deus que sempre xera vida.

P. Luis Ángel de las Heras, cmf
Bispo de Mondoñedo-Ferrol